

Carta ao profesor



www.fundaciondiabetes.org

Querido compañeiro,

Como norma de boa educación, primeiro preséntome. Chámome Iñaki Lorente e parte do meu traballo desenvólvoa como orientador escolar de infantil e primaria dun colexio concertado.

Entre os motivos que me impulsaron a desenvolver esta proposta educativa, destacan dous: o feito de que eu mesmo teña diabetes e ver a angustia dos meus compañeiros titores cando un alumno seu tamén a padece e se atopan sen a formación nin os recursos necesarios para soportar a situación e serlle útil.

Con este tiro-traballo pretendo matar polo menos dous paxaros (aínda que me gustaría que fosen miles).

- Brindarche algunhas pistas sobre o que debes ter en conta e o que é superfluo no mundo da diabetes.
- Que o teu alumnado entenda o que lle acontece ao seu compañeiro e con iso previr a aparición de crenzas erróneas, algunhas das cales, dende a miña experiencia, provocan situacións de discriminación.

Como ves, son moi ambicioso na miña proposta e apunto lonxe.

Non obstante, son consciente das limitacións que existen. Sempre falta tempo para o currículo transversal, quizais haxa na aula nenos e nenas con outras patoloxías, etc.

Por iso procurei construír este recurso de modo que poida ser traballado "á carta" (dependendo da situación concreta da túa aula, do número de alumnos, dos obxectivos que pretendes alcanzar, do nivel cultural dos teus alumnos, etc.). En todo caso, bríndoche algunhas liñas de actuación que che poden axudar na elaboración do teu programa en concreto. Pero ten en conta o modular da miña proposta.

Espero que mergullándote neste material atopes aquela información que che dea seguridade de como actuar e que os compañeiros (e ti mesmo, por que non?) coñezan un pouco máis da vida do teu alumno, das dificultades ás que se enfrenta, etc.).

Só me queda poñerme á túa disposición para o que precises.

Un saúdo

Iñaki Lorente
Psicólogo col: N-0284